

*Expediente: 291/2023*

**BASES EXTRAORDINARIAS PARA A CONSTITUCIÓN DE BOLSA COMPLEMENTARIA PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL A TEMPO COMPLETO DE TRABALLADORES PARA OBRA OU SERVIZO DENOMINADO “1 BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS PARA O EXERCICIO 2024” AO ABEIRO DO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO SUBSCRITO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E O CONCELLO DE SANDIÁS PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DURANTE O ANO 2023-2024, COFINANCIADO PARCIALMENTE CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) NO MARCO DO PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (PDR) DE GALICIA 2014-2020.**

#### **BASE PRIMEIRA.- Obxecto da convocatoria**

Unha vez realizado o chamamento según as bolsas realizadas no ano 2023 para a contratación laboral temporal a tempo completo de 10 traballadores (dous xefes de brigada e oito peóns de brigada de incendios) para obra ou servizo determinado e non conseguindo o persoal necesario para a composición de dúas brigadas para o ano 2024. A vista do anterior e obxecto das presentes bases regular o procedemento de selección para a constitución de unha bolsa adicional para a contratación temporal de traballadores para a segunda brigada de incendios composta por: 1 xefe de brigada, e 4 peóns de brigada dos que un será peón conductor, que formarán parte de unha brigada de prevención e defensa contra os incendios forestais de cinco integrantes durante o exercicio 2024 do Concello de Sandiás, no marco do “convenio interadministrativo suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Sandiás para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2024, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020.” Trátase da selección de:

- 4 traballadores como peóns de brigada de prevención e defensa contra incendios forestais con disposición de condución (un será nomeado peón conductor).
- 1 Traballador como xefe de brigada de prevención e defensa contra incendios forestais.

O Contrato que se subscribirá é Temporal de duración determinada (DA quinta do RDL 32/2021, de 28 de decembro). Contrato vinculado ao convenio suscrito coa Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia que está cofinanciado polo Feader dentro da submedida 8.3 “axuda para a prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e catástrofes” do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) 2014-2020, sen prexuízo das normas administrativas que sexan de aplicación ó persoal ó servizo das Administracións Públicas e especialmente ás locais.



A natureza dos contratos será laboral temporal ao abeiro da lexislación vixente, iniciándose a prestación dende a data da sinatura do contrato ou a alta de dito contrato, e cunha duración de tres meses. Os primeiros 15 días serán o período de proba.

## BASE SEGUNDA.- Bases específicas.

1. Número de prazas: 5
2. Denominación:
  - a. Peón de brigada de prevención e defensa contra incendios (4). Un peón dos catro será nomeado peón conductor.
  - b. Xefe de Brigada de prevención e defensa contra incendios (1)
3. Duración: Tres meses
4. Contrato laboral a formalizar: Temporal de duración determinada (DA quinta do RDL 32/2021, de 28 de decembro). Contrato vinculado ao convenio suscrito coa Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia que está cofinanciado polo Feader dentro da submedida 8.3 “axuda para a prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e catástrofes” do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) 2014-2020
5. Xornada Laboral: Completa.
6. Salario Bruto mensual:
  - a. Peón de Brigada: 1.323 € (inclúen tódolos conceptos salariais e a parte proporcional das pagas extraordinarias)
  - b. Xefe de Brigada: 1.470 € (inclúen tódolos conceptos salariais e a parte proporcional das pagas extraordinarias)
7. *Traballos a realizar pola brigada:*

“Labores de vixilancia e defensa”: unidade composta por 5 persoas que realizarán labores de defensa e extinción de incendios durante un período de operatividade de 3 meses. Para a súa constitución deberán cumprir as condicións establecidas na cláusula oitava.

“Labores de prevención de xeito manual”: traballos de roza manual e/ou de investigación do estado das parcelas das redes de faixas secundarias de xestión de biomasa forestal con redacción do informe de xestión de biomasa consonte co establecido na Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

## BASE TERCEIRA.- Requisitos para concorrer

Os aspirantes a tomar parte no concurso deberán reunir, na data en que remate o prazo concedido para a presentación de solicitudes/instancias, os seguintes requisitos:

- a) Ser español ou cidadán dalgún Estado membro da Unión Europea nos termos establecidos no artigo 57 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto do Empregado Público, así como estranxeiros con residencia legal en España.



- b) Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Posuír as seguintes titulacións:
- 1.- Para o xefe de brigada: Estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións:
    - Enxeñería de montes.
    - Enxeñería técnico forestal.
    - Técnico/a superior en xestión forestal e do medio natural
    - Técnico/a en aproveitamento e conservación do medio naturalTécnico/a en emerxencias e protección civil ou formación profesional equivalente.  
Deberá posuír o carné de conducir B.  
- No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán aportar documento que acredite fidedignamente a súa homologación.
  - 2.- Para os peóns: Posuír o carné de conducir B.-Posuír capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.
- d) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impidan o desenvolvemento das tarefas propias da actividade obxecto de contratación.
- e) Non atoparse incurso nas causas de incapacidade previstas na lexislación vixente.
- f) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.
- g) Galego: Acredita-lo coñecemento da lingua galega de acordo co establecido no artigo 35 do Decreto Lexislativo 1/2008. A acreditación do coñecemento escrito farase por medio da presentación do certificado de iniciación ou perfeccionamento de lingua galega (mínimo Celga 2). No caso de non posuír ningunha das titulacións sinaladas realizarase un exercicio previo consistente nunha proba oral consistente nunha entrevista coa valoración de apto ou non apto, sendo necesario para superalo obte-lo resultado de apto, e corresponderalle ó tribunal determina-lo nivel de coñecementos esixidos para acadar dito resultado.

Todos estes requisitos deberán reunirse con referencia ó último día do prazo de presentación de solicitudes.

Pago de taxas.

1. As persoas aspirantes deberán abonar, en concepto de participación nas convocatorias de selección de persoal, a taxa de inscrición cuxa concreta contía será a seguinte, en función de



cada Grupo para o persoal laboral.

V: 3,00 € para Peóns

IV:6,00 € para Xefes de Brigada

Pódese abonar de dous modos:

- 1 Transferencia bancaria electrónica.
- 2 De maneira presencial en calquera oficina da Banca

No suposto de proceder ao pago mediante transferencia bancaria electrónica ou de forma presencial, o número de conta bancaria da Banca é o seguinte:ES79 2080 5337 0031 1000 2073

Ás cotas tributarias anteriores, seranlle de aplicación as seguintes reducións:

a) **Do 100 por cen, naqueles casos nos que o suxeito pasivo sexa unha persoa que figura rexistrada como desempregada**, referida á data da publicación da convocatoria das probas selectivas no Boletín Oficial da Provincia. Para a aplicación da mencionada redución, o suxeito pasivo deberá acreditar as circunstancias descritas no parágrafo anterior, mediante a presentación de certificado de desemprego, emitido polo Servizo de Emprego que corresponda.

b) Do 100 por cen, a favor de vítimas de violencia de xénero. Para a aplicación desta redución, o suxeito pasivo deberá achegar resolución xudicial ou orde de protección ditada a favor da vítima ou, na súa falta, informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de ser vítima de violencia de xénero, ata que se dite a orde de protección, de conformidade coa normativa vixente na materia.

c) Do 100 por cen a favor de persoas en situación de discapacidade igual ou superior ao 33 por cento. Para a aplicación desta redución, o suxeito pasivo deberá achegar a tarxeta acreditativa do grao de discapacidade expedida pola correspondente comunidade autónoma.

--Están exentas do pago da taxa as vítimas de terrorismo, o cónxuxe e os seus ascendentes ou descendentes, por natureza ou adopción. Para os efectos do goce desta exención, equipárase o conyuge con quen conviva ou convivira coa vítima con análoga relación de afectividade e acredite, en tal sentido, en virtude do certificado expedido para o efecto, a súa inscrición no Rexistro de Unións de feito da comunidade autónoma correspondente. Para a aplicación desta exención, o suxeito pasivo deberá achegar certificado emitido polo órgano competente do Ministerio do Interior, no que conste a identificación da vítima e, no seu caso, o parentesco.

--Os suxeitos pasivos que, no día no que finaliza o prazo de presentación de solicitudes, teñan a condición de membros de familias numerosas conforme ao establecido na Lei 40/2003, do 18 de novembro, de Protección ás Familias Numerosas e demais normativa concordante, gozarán dunha bonificación nesta taxa, nos seguintes termos:

- a) Familias numerosas de categoría xeral: 50 por 100.
- b) Familias numerosas de categoría especial: 100 por 100.

Para a aplicación desta bonificación, o suxeito pasivo deberá achegar certificado ou fotocopia do carné vixente de familia numerosa expedido polo órgano competente.



--Os expresados beneficiarios fiscais non terán carácter acumulativo, polo cal, en supostos de concorrencia de diversas causas que sexan a orixe do dereito para demandar os beneficios citados, o interesado deberá optar por un deles. No caso de que o interesado non exercitasen a opción anterior, procederase de oficio, a considerar por orde de preferencia decrecente no que se atope debidamente xustificado ou resulte máis favorable ao interesado.

O prazo de abono das taxas en concepto de participación nas convocatorias de selección de persoal, coincide co prazo de presentación de solicitudes.

2. A falta de abono en concepto de participación nas convocatorias de selección de persoal ou da xustificación de atoparse exenta ou con dereito a bonificación do mesmo, determinará a exclusión da persoa solicitante nas Listas Provisionais, podendo emendar no prazo establecido nas bases. En ningún caso, a mera presentación da acreditación do pago da taxa en concepto de participación nas convocatorias de selección de persoal, supoñerá a substitución do trámite de presentación, en tempo e forma, da solicitude de participación.

3. Procederá a devolución da taxa que se satisfixo cando non se realice o seu feito impositivo (a realización do concurso), por causa imputable á Administración ou se constate abono de maior contía á esixida, nese caso procederá a devolución do abonado en exceso.

Dita devolución realizarase, previa instancia da persoa interesada, unha vez publicada a Lista Definitiva das persoas admitidas e excluídas da convocatoria, para o que deberá cumprimentar e presentar os seguintes documentos:

- 1 Solicitude de devolución.
- 2 Solicitude de pago por transferencia de Tesourería.
- 3 DNI achegado.

A exclusión definitiva do proceso selectivo non dará lugar á devolución das taxas en concepto de participación nas convocatorias de selección de persoal.

#### **BASE CUARTA.- Documentación a presentar.**

As instancias solicitando tomar parte nas probas selectivas presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Sandiás, en horario de 9 a 14:00 horas ou na forma determinada no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dentro do prazo de cinco días hábiles a contar dende o seguinte á publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Ourense. Se o quinto día fose sábado ou festivo, o prazo finalizaría o seguinte hábil.

Si se optara por presentar a solicitude nun rexistro diferente ó do Concello de Sandiás, deberá remitirse copia do rexistro de entrada na que conste a data do rexistro mediante fax, ao Concello de Sandiás antes da expiración da data do prazo de solicitude.

A solicitude de admisión a estas probas, que irán dirixidas o Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Sandiás e nas que se fará constar que se reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases da convocatoria, referidos á data na que finaliza o prazo de presentación, formularanse nos modelos que figuran nos anexos correspondentes a esta convocatoria (Anexo I e II).



Á instancia se acompañará:

- Fotocopia compulsada do D.N.I. ou documento que proceda no caso dos estranxeiros.
- Fotocopia compulsada do Título, fotocopia do carné de conducir tipo B .-
- Declaración responsable (Anexo I e II) de cumprir cos requisitos necesarios para participar nesta convocatoria, así como de non estar incurso/a en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade previstas na lexislación vixente.
- Documentación acreditativa dos méritos. Os méritos non xustificadas documentalmente non serán obxecto de valoración.
- Xustificación pago de taxa ou documentación da exención.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

Os méritos non xustificadas documentalmente non serán obxecto de valoración.

Expirado o prazo de presentación de instancias, o Alcalde ditará resolución na que se declare aprobada a lista de admitidos e excluídos. Na devandita resolución, que se publicará no Taboleiro de Edictos do Concello de Sandiás e na páxina web do Concello de Sandiás ([www.sandias.es](http://www.sandias.es)) e na sede electrónica, <https://sandias.sedelectronica.gal/>, indicarse a causa de exclusión e concederese un prazo de dous días hábiles para a emenda. Se o último día fose sábado ou festivo, o prazo finalizaría o seguinte hábil.

Os aspirantes que dentro do prazo sinalado non subsanasen a exclusión ou non alegasen a omisión, xustificando o seu dereito a ser incluídos na relación de admitidos, serán considerados definitivamente excluídos. En caso de presentarse reclamacións, estas serán aceptadas ou rexeitadas na mesma resolución pola que se aproba a lista definitiva, que se fará pública do mesmo xeito. Esta última resolución conterá a designación da comisión de selección e o lugar, data e hora da súa reunión e da realización da proba de galego.

A Alcaldía determinará, mediante resolución, a data, hora e lugar no que deberá constituírse o tribunal.

## BASE QUINTA.-

A selección realizarase mediante concurso, no que se valorará a experiencia profesional e a formación dos traballadores. A puntuación e valoración será a seguinte:

### A) Experiencia profesional: ata un máximo de 8 puntos:

- 1.- Por servizos remunerados prestados na Administración Pública na mesma categoría ou similar á do posto ao que se opta:0,20 puntos por mes completo.
- 2.- Por servizos remunerados prestados en empresas privadas na mesma categoría ou similar á



do posto de traballo ao que se opta: 0,10 puntos por mes completo (máximo 2 puntos)

A experiencia profesional acreditarase mediante a presentación do certificado de vida laboral actualizada expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social ( orixinal ou copia cotexada) e copia dos contratos de traballo. A experiencia que non se considere debidamente acreditada non se puntuará. Rexeitaranse as fraccións de tempo inferiores ao mes (30 días) e os contratos a tempo parcial cunha xornada inferior á xornada completa valoraranse de xeito proporcional.

**B) Formación:** A puntuación máxima que se poderá obter neste apartado é de 2 puntos. Por asistencia a cursos organizados polas Administracións Públicas ou homologados, relacionados coas funcións do posto ao que se opta:

- 1.- Cursos de ata 20 horas: 0,10 puntos/curso.
- 2.- Cursos de 21 a 40 horas: 0,15 puntos/curso.
- 3.- Cursos de 41 a 100 horas: 0,20 puntos/curso.
- 4.- Cursos de 101 a 250 horas: 0,25 puntos/curso.
- 5.- Cursos de 251 a 500 horas: 0,35 puntos/curso.
- 6.- Cursos de máis de 500 horas: 0,50 puntos/curso

A formación dos traballadores acreditarase mediante a presentación da copia dos certificados acreditativos de ter realizada a acción formativa, na que conste o número de horas de formación realizada. No suposto de que non conste o número de horas da acción formativa, entenderase que teñen unha duración inferior a 20 horas, e puntuarase con 0,10 puntos por curso. No caso do curso obrigatorio que esixe o Convenio al igual que outros anos, so se valorará un de acreditarse a realización de varios.

**C) Formación regrada:** A puntuación máxima que se poderá obter neste apartado é de 2 puntos. Por estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións ou o certificado de profesionalidade relacionado coas profesións requiridas nestas bases; a maiores do que se presenta como xustificación do requisito de titulación esixido:

- Titulación universitaria: 2 puntos.
- Titulación de FP II ou ciclo superior: 1,50 puntos.
- Titulación de FP I ou ciclo medio: 1,25 puntos.
- Certificado de profesionalidade relacionados co posto ofertado:
  - a) Nivel 1: 1 punto.
  - b) Nivel 2: 0,80 puntos.
  - c) Nivel 3: 0,60 puntos.

No suposto de estar en posesión de máis dunha das titulacións referidas, soamente se valorará a de maior nivel.

**BASE SEPTIMA.-**



1. A Comisión da selección será colexiada e constará, como mínimo, de Presidente, tres vocais e secretario, que serán designados por resolución da Alcaldía de acordo co disposto no artigo 60 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público e a Lei de Función Pública de Galicia. O tribunal cualificados de cada posto de traballo está facultado para interpretar e resolver as cuestións que poden suscitar na aplicación das normas de procedemento, inspirándose a súa actuación no principio de economía, celeridade e eficiencia.

O tribunal non poderá actuar ou constituírse sen a presenza polo menos de tres dos seus membros, sendos imprescindible, en todo caso, a asistencia do presidente e do secretario/a, titular ou suplente.

O réxime xurídico aplicable os tribunais de selección será o que se establece polos órganos colexiados na Lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo o órgano que efectuara o seu nomeamento, cando concorran entre eles algunhas das causas previstas no artigo 23 da Lei de Réxime Xurídico do Sector Público.

### **BASE OITAVA.- Proposta e nomeamento**

Valorados tódolos méritos alegados polos aspirantes que reúnan as condicións esixidas, o tribunal formulará a proposta de contratación a favor dos candidatos que obtivesen a maior puntuación, e o resto se ordenarán por orde de puntuación para formar parte xunto cos propostos para a cotratación, dunha bolsa para posibles contratacións necesarias durante o prazo establecido de duración da bolsa publicándose no Taboleiro de Anuncios e na páxina web do Concello ([www.sandias.es](http://www.sandias.es)) e na sede electrónica ([sandias.sedelectronica.gal](http://sandias.sedelectronica.gal)). A bolsa terá carácter secundario respecto dos primeiros procesos celebrados para a contratación de traballadores. De xeito que se concluído o presente proceso houbera persoal disponible nas bolsas dos procedementos anteriores vixentes, chamarase para a realización das probas físicas e médicas as persoas desas bolsas e a continuación aos seleccionados da presente bolsa.

Por tanto dita bolsa estará integrada por todos os que superaran o proceso por orde de puntuación.

Para o caso de empate na puntuación final procederase a realizar o desempate valorando, pola seguinte orde, a experiencia profesional, a formación, outra formación regrada e por último realizarase sorteo.

Para efectuar esta proposta, a Comisión avaliadora poderá pedir informes e asesoramentos técnicos que teña por convenientes.

Os traballadores/as seleccionados/as estarán obrigados/as a realizar, antes da súa contratación un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo, así como un curso teórico-práctico de formación sobre prevención e defensa contra os incendios forestais de 16 horas que será impartido polo persoal competente na materia nos días, horas e lugares que unilateralmente estableza o Concello de Sandiás.

A non superación do recoñecemento médico ou da proba física de esforzo, ou ben a non realización do referido curso con aproveitamento, será causa de non contratación do





traballador/a seleccionado/a, pasando a realizarse as probas de referencia ao seguinte da lista.

Co obxecto de perfeccionar e dar continuidade á formación deste persoal, este curso será obrigatorio, aínda que o aspirante xa o tivese realizado en anos anteriores.

Posteriormente efectuarase o nomeamento polo Sr. Alcalde e asinarase o correspondente contrato laboral.

Establécese, un período de proba, conforme ó art. 14 do Estatuto dos traballadores, transcorrido este período conforme ó artigo 14 do Estatuto de Traballadores, se a persoa de que se trate o superase satisfactoriamente, adquirirá plena eficacia o contrato subscrito.

Mentres non se formalice o contrato e non se incorpore ó posto de traballo, o aspirante non terá dereito á percepción económica de ningunha clase. A formalización e continuación do contrato (dentro do período de duración establecido) queda condicionada ó mantemento da Brigada de prevención e defensa contra incendios forestais e o do seu Convenio financiador.

Quen sen causa xustificada non concorrese a formalizar o contrato na data sinalada, perderá tódolos dereitos derivados da superación das probas selectivas.

#### **BASE NOVENA.-**

A bolsa de traballo coa relación dos aspirantes admitidos no procedemento selectivo e que superen o proceso (incluídos os seleccionados) e pola orde decrecente de puntuación obtida no mesmo, terá como obxecto cubrir posibles vacantes que se produzan ou as ausencias por goce de licenzas regulamentarias, necesidade do servizo, novas contratacións, as baixas ou renuncia dos seleccionados, ou outros supostos de necesidade de contratación durante o período de vixencia da bolsa.

A orde de chamamento dos aspirantes será pola orde de puntuación obtida.

Os chamamentos faranse polo medio máis urxente que permita ter a constancia da súa recepción. Nos supostos nos que a necesidade de cobertura do posto non fose previsible coa antelación suficiente ou polas circunstancias concorrentes no proceso de chamamento debidamente acreditadas, fose necesario a súa cobertura de xeito urxente para evitar graves prexuízos no funcionamento e/ou prestación do servizo público, o chamamento poderá realizarse telefonicamente. Neste suposto, o funcionario que as realice fará constar mediante dilixencia a súa realización, e se tiveron ou non resposta.

Os integrantes da bolsa de traballo que, sendo convocados para facer efectiva a contratación ou segundo o disposto anteriormente non se presentasen ou renunciaren a esta sen xustificación suficiente, perderán os seus dereitos, quedando ao final da lista, salvo que concorra unha das seguintes circunstancias:

- Parto, baixa por maternidade ou situacións asimiladas.
- Enfermidade grave que impida a asistencia ao traballo, sempre que se acredite debidamente.
- Exercicio de cargo público representativo que imposibilite a asistencia ao traballo.
- Contrato de traballo para posto similar que deberá aportar.

Poderán os integrantes da bolsa pedir que se suspendan os chamamentos para a mesma por estar desempeñando outro traballo;



As comunicacións faranse por vía telefónica e para a súa localización realizaranse tres chamadas, para o cal os aspirantes deberán indicar polo menos un teléfono de contacto. En caso de indicar máis dun número, deberá consignarse unha orde de preferencia. A partir do momento en que se estableza o contacto telefónico, e aceptado nesas chamadas o posto, o interesado deberá formalizar o seu contrato laboral presentándose no Concello no prazo que se lle indique. En caso de non entablarse comunicación tras as tres chamadas, procederase o chamamento do seguinte da lista.

O encargado de facer as chamadas deixará constancia no expediente do resultado das mesmas. Se o candidato rexeita a oferta de contratación mediante a chamada telefónica, seralle comunicado o seu paso ao final da lista como consecuencia da súa renuncia a esta.

Os candidatos que non tivesen sido localizados permanecerán nos postos que ocupaban na Bolsa, á espera dun novo chamamento.

As persoas que renuncien a dous chamamentos na mesma bolsa, sen mediar xustificación, quedarán excluídas automaticamente da Bolsa.


Esta bolsa de emprego terá como vixencia ata o 31 de decembro de 2024.

Excepcionalmente, cuando quedara agotado o listado da Bolsa de Emprego, poderá confeccionarse un listado adicional a partir da apertura dun prazo extraordinario da Bolsa de Emprego para cubrir necesidades de carácter temporal.

#### **BASE DECIMA. Normas finais.**

1. Para o non previsto nestas bases será de aplicación a Lei 7/1985, do 2 de abril; Lei 5/1997, do 22 de xullo; RD-Legislativo 1/1995, do 2 de marzo e demais normas que sexan de aplicación.
2. Agás a convocatoria, que se publicará segundo se establece na base cuarta, os sucesivos actos e comunicacións que se deriven da celebración deste proceso selectivo faranse públicos exclusivamente a través do Taboleiro de anuncios do concello, na súa páxina web ([www.sandias.es](http://www.sandias.es)) e na sede electrónica.
3. Tódolos actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación da comisión avaliación, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015 do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e normas vixentes concordantes. A presentación de reclamacións non suspenderá a continuación do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante.
4. Contra as presentes bases e a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado contencioso-administrativo de Ourense, no prazo de dous meses (contado desde o día seguinte ó da publicación da convocatoria). Con carácter potestativo e previo, poderá interpor recurso de reposición perante o mesmo órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo dun mes (contado desde ao día seguinte ó da publicación da convocatoria). Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a





desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses contado desde o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Todo isto sen prexuízo do que poida exercitar calquera outro que considere procedente.

O Alcalde

Asinado dixitalmente á marxe.



## ANEXO I

SOLICITUDE DE ADMISIÓN AO CONCURSO DE VALORACIÓN DE MÉRITOS.  
CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE UN XEFE DE BRIGADA PARA AS  
UNHA BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS  
DO CONCELLO DE SANDIÁS.

### DATOS PERSOAIS

Apelidos e nome: \_\_\_\_\_

DNI OU DOCUMENTO DE

EXTRAXEIRO: \_\_\_\_\_

Rúa e número: \_\_\_\_\_

Localidade: \_\_\_\_\_

Provincia: \_\_\_\_\_

Código Postal: \_\_\_\_\_

Teléfono: \_\_\_\_\_

E-mail: \_\_\_\_\_

### EXPOÑO:

Que tiveren coñecemento da convocatoria feita polo Concello de Sandiás para cubrir, con carácter temporal, mediante concurso, os seguintes postos de traballo para Brigada de prevención e defensa contra incendios forestais:

Un Xefe de Brigada de prevención e defensa contra incendios forestais.

### DECLARO:

Ser español ou ser nacional de : \_\_\_\_\_

Ter cumprida a idade de 16 anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño dos correspondentes traballos.

Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, das Comunidades Autónomas, nin da Administración Local, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.



Cumprir os requisitos necesarios para participar na convocatoria e non estar incurso en causa de incompatibilidade prevista legalmente (Lei 53/84, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas).

Comprométese a probar documentalmente tódolos extremos da declaración anterior, aportando a documentación pertinente en caso de serlle requirida.

#### ACOMPAÑA:

Copia do DNI ou documento de estranxeiro

Titulación académica.

Carné de conducir B

Documentación acreditativa dos méritos alegados e especificados na base específica correspondente, que serán obxecto de valoración.

Xustificante de pago da taxa o no seu caso documento xustificativo de estar exento.

Por todo o exposto, SOLICITO que se teña por presentada a presente instancia xunto cos documentos que a acompañan e sexa admitido no proceso selectivo convocado.

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2024.

Asdo: \_\_\_\_\_

- SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SANDIÁS.



## ANEXO II

SOLICITUDE DE ADMISIÓN AO CONCURSO DE VALORACIÓN DE MÉRITOS.  
CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 4 PEÓNS DE BRIGADA PARA AS  
UNHA BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS  
DO CONCELLO DE SANDIÁS.

### DATOS PERSOAIS

Apelidos e nome: \_\_\_\_\_

DNI OU DOCUMENTO DE

ESTRAXEIRO: \_\_\_\_\_

Rúa e número: \_\_\_\_\_

Localidade: \_\_\_\_\_

Provincia: \_\_\_\_\_

Código Postal: \_\_\_\_\_

Teléfono: \_\_\_\_\_

E-mail: \_\_\_\_\_

### EXPOÑO:

Que tiveren coñecemento da convocatoria feita polo Concello de Sandiás para cubrir, con carácter temporal, mediante concurso, os seguintes postos de traballo para Brigadas de prevención e defensa contra incendios forestais:

4 Peóns de Brigada de prevención e defensa contra incendios forestais.

### DECLARO:

Ser español ou ser nacional de : \_\_\_\_\_

Ter cumprida a idade de 16 anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño dos correspondentes traballos.



Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, das Comunidades Autónomas, nin da Administración Local, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

Cumprir os requisitos necesarios para participar na convocatoria e non estar incurso en causa de incompatibilidade prevista legalmente (Lei 53/84, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas).

Comprométese a probar documentalmente tódolos extremos da declaración anterior, aportando a documentación pertinente en caso de serlle requirida.

#### ACOMPAÑA:

Copia do DNI ou documento de estranxeiro

Titulación académica.

Carné de conducir B

Documentación acreditativa dos méritos alegados e especificados na base específica correspondente, que serán obxecto de valoración.

Xustificante de pago da taxa o no seu caso documento xustificativo de estar exento.

Por todo o exposto, SOLICITO que se teña por presentada a presente instancia xunto cos documentos que a acompañan e sexa admitido no proceso selectivo convocado.

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2024.

Asdo: \_\_\_\_\_

- SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SANDIÁS.”

